



INFORME EMITIDO EN DATA DE 05.04.2019 POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O CONCELLO DE TABOADA PARCIAL AO 50 % E DE DURACIÓN 8,5 MESES, E CREACIÓN DE BOLSA PARA CUBRIR POSIBLES BAIXAS OU VACACIÓNS.

Reunidos na Casa Consistorial, as 10.00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que se citan a continuación, que se constitúe emitir informe relativo ao recurso de alzada presentado no Rexistro de Entrada do Concello de Taboada en data 28 de marzo de 2019 interposto por Dona Cristina Eyré Mariña con dni: 44496215R impugnando as preguntas nº 21, 28, 34 e 40 do exame tipo test realizado en data 21.03.2018 do que Alcaldía nos da traslado para que se informe acerca do mesmo.

- **Presidente:** Dona María Luisa Armesto Domínguez,
- **Vogal:** Dona Nadia Díaz Vázquez.
- **Vogal e Secretaria:** Dona Pilar Fernández Moure

Logo de revisar as preguntas obxecto de impugnación, **este tribunal informa:**

Primeiro : No relativo ás pregunta 21 e 28 xa se emitiu informe en data 26.03.2019 onde se conclúe propoñendo que a pregunta 21 e 28 sexan anuladas e polo tanto se teña en conta para a baremación do exame tipo test a primeira e segunda pregunta de reserva.

Segundo: No relativo a pregunta 34 a resposta correcta é a opción b) a pesar de que o contido da resposta non sexa o literal do que figura artigo 15 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención o sentido co que está expresado é o mesmo e por exclusión tamén se deduce que esta é a correcta, xa que as outras opcións non se contemplan no catálogo, polo tanto non procede aceptar o recurso presentado Dona Cristina Eyré Mariña.

Terceiro: No relativo a pregunta 40 a resposta correcta é a opción c) a pesar de que esta resposta podería seguir ampliándose, tal e como está redactada por si mesma xa é correcta, é o mesmo tempo e por exclusión tamén se deduce que esta é a correcta, xa que as outras opcións son incorrectas, polo tanto non procede aceptar o recurso presentado Dona Cristina Eyré Mariña.

Concluíndo propoñe desestimar o recurso presentado por Dona Cristina Eyré Mariña no relativo ás preguntas 34 e 40 .

A Presidenta da por terminada a reunión ás 11.00 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretario, redacto o presente informe que someto á firma do Presidente , Vogal e Secretaria presentes; dou fe., dáse traslado do presente informe ao Sr. Alcalde aos efectos de que resolva o recurso presentado.

En Taboada, a 5 de abril de 2019.

Sinaturas,

A Presidenta

Vogal

Secretaria e Vogal